



PILAR CARRACELAS

ARMADORA

ARMADORAS

Pilar Carracelas naceu en Cangas en 1965, no seo dunha familia fondamente vencellada ao mar.

Filla de Anxo, patrón de pesca do Gran Sol, e de Dolores, vendedora de peixe na praza, medrou entre descargas, peixe e vivencias portuarias. Desde moi nova soubo que o mar formaría parte do seu destino, aínda que nunca imaxinou que acabaría sendo o motor de toda a súa vida.

En 1988, con pouco máis de vinte anos, decidiu deixar os seus estudos de Economía e incorporarse á empresa que seu pai creara. Comezou revisando facturas e balances, pero a súa inquedaña levouna axiña ás descargas, aos peiraos, á clasificación do peixe, ao contacto con compradores e talleres, asumindo cada vez máis responsabilidades. O camiño non foi doado: o mundo da pesca, dominado por homes, esixiulle demostrar cada día a súa valía, mais paso a paso, Pilar foi gañando respecto e espazo, ata converterse na alma da empresa. Neste percorrido, o Loitador — construído en 1987 e activo nas Malvinas desde finais dos oitenta— converteuse en moito máis ca un barco: é unha extensión da súa historia persoal e familiar. Nel traballou o seu marido ata a xubilación, e por el Pilar riu, sufriu e loitou durante case catro décadas. Cada inspección, cada campaña, cada letra pagada con esforzo para mantelo a flote son cicatrices dunha vida de resistencia e paixón polo mar.

Os desafíos foron constantes na vida de Pilar, xa que tivo que vender parte do accionariado para garantir a supervivencia da empresa, enfrontouse a crises do caladoiro, a inxustizas, e demostrou que unha muller pode liderar e xestionar unha empresa coa mesma determinación. Hoxe, tras 38 anos de dedicación, é xerente, mediadora e referente para a súa tripulación e para toda a frota, que valora o seu carácter firme pero xusto.

Casada e nai de dous fillos que seguiron outros camiños, Pilar mantén viva a chama dunha tradición familiar que se nega a desaparecer. Para ela, o Loitador non é só ferro nin negocio: é memoria, é identidade, é a loita de toda unha vida e a historia de quen navegaron xunto a ela.



#INCANSABLES #LOITADORAS #TRABALLADORAS
#AMABLES #HUMILDES #COMPAÑEIRAS
#FORTES #ESENCIAIS



FUNDAMAR

Fundación para la Pesca y el Marisqueo



PILAR CARRACELAS

ARMADORA

ARMADORAS

Pilar Carracelas nació en Cangas en 1965, en el seno de una familia profundamente ligada al mar.

Hija de Ángel, patrón de pesca del Gran Sol, y de Dolores, vendedora de pescado en la plaza, creció entre descargas, pescado y vivencias portuarias. Desde muy joven supo que el mar formaría parte de su destino, aunque nunca imaginó que acabaría siendo el motor de toda su vida.

En 1988, con poco más de veinte años, decidió dejar sus estudios de Economía e incorporarse a la empresa que su padre había creado. Comenzó revisando facturas y balances, pero su inquietud la llevó pronto a las descargas, a los muelles, a la clasificación de pescado, al contacto con compradores y talleres, asumiendo cada vez más responsabilidades. El camino no fue fácil, el mundo de la pesca, dominado por hombres le exigió demostrar cada día su valía, pero paso a paso, Pilar fue ganando respeto y espacio, hasta convertirse en el alma de la empresa. En este recorrido, el Loitador —construido en 1987 y activo en las Malvinas desde finales de los ochenta— se convirtió en mucho más que un barco: es una extensión de su historia personal y familiar. En él trabajó su marido hasta su jubilación, y por él Pilar ha reído, sufrido y luchado durante casi cuatro décadas. Cada inspección, cada campaña, cada letra pagada con esfuerzo para mantenerlo a flote, son cicatrices de una vida de resistencia y pasión por el mar.

Los desafíos han sido constantes en la vida de Pilar, ya que tuvo que vender parte del accionariado para garantizar la supervivencia de la empresa, se enfrentó crisis del caladero, injusticias, y demostró que una mujer puede liderar y gestionar una empresa con igual determinación. Hoy, tras 38 años de dedicación, es gerente, mediadora y referente para su tripulación y para toda la flota, que valora su carácter firme pero justo.

Casada y madre de dos hijos que siguieron otros caminos, Pilar mantiene viva la llama de una tradición familiar que se niega a que desaparezca. Para ella, el Loitador no es solo hierro ni negocio: es memoria, es identidad, es la lucha de toda una vida y la historia de quienes han navegado junto a ella.



#INCANSABLES #LOITADORAS #TRABALLADORAS
#AMABLES #HUMILDES #COMPAÑEIRAS
#FORTES #ESENCIAIS



FUNDAMAR

Fundación para la Pesca y el Marisqueo